

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DIRECTIVA DA  
ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL “PRODER II -  
COMARCA DE PONTEVEDRA “  
CELEBRADA O 13 DE NOVEMBRO DE 2003.**

Na Casa Consistorial do Concello de Pontevedra e baixo a presenza do Sr. Presidente D. Miguel Fernández Lores, reuniuse en primeira convocatoria, o 13 de novembro do ano 2003, a XUNTA DIRECTIVA, ó obxecto de celebrar sesión ordinaria e coa asistencia dos señores representantes que de seguido se indican:

1. MESA SECTORIAL DE TURISMO: GUILLERMO MARTÍNEZ PINTOS (“OS AREEIROS” VILABOA).
2. MESA SECTORIAL VITIVINÍCOLA: XOSÉ MANUEL BOULLOSA IGLESIAS (ASOC. VITICULTORES DE VILABOA).
3. MESA SECTORIAL DE ASOCIACIÓNS DE VECIÑOS: LUCIA SANMARTIN CRESPO POR DELEGACIÓN DE M<sup>a</sup> CONCEPCIÓN NÚÑEZ PINTOS(AAVV OS TRES PINOS DE XEVE).
4. MESA SECTORIAL DE MULLERES: ROSA VARELA MAGARIÑOS ( ASOC. MULLERES RURAIS DE BARRO).
5. MESA SECTORIAL DE COMERCIO E ARTESANÍA: FELISA VILLA VIDAL (FELICASTOR - POIO).
6. MESA SECTORIAL FORESTAL: AGUSTÍN DE LA MATA MARTÍNEZ (ESCOLA DE CAPATACES DE LOURIZÁN).
7. MESA SECTORIAL DE COMUNIDADES DE MONTES: CLAUDIO QUINTILLÁN VALLEJO (POIO).
8. MESA SECTORIAL AGROGANDEIRA: AGUSTÍN MALVAR AMOEDO ( COOPERATIVA SERRA DO SUÍDO)
9. MESA SECTORIAL DE ECONOMÍA SOCIAL E TERCEIRO SECTOR: JOAQUÍN PESQUEIRA MARTÍN (ASOCIACIÓN AMIZADE)

10. CONCELLO DE POIO: LUCIANO SOBRAL FERNÁNDEZ.
11. CONCELLO DE PONTEVEDRA: MIGUEL FERNÁNDEZ LORES.
12. CONCELLO DE PONTE CALDELAS: PERFECTO RODRÍGUEZ MUÍÑOS.
13. CONCELLO DE VILABOA: JOSÉ LUÍS POCEIRO MARTÍNEZ.
14. CAIXA DE AFORROS DE VIGO, OURENSE E PONTEVEDRA: MANUEL SOAGE LOIRA.
15. CAIXA DE AFORROS DE GALICIA: RAFAEL JOSÉ SOLLA VIDAL.

Non asisten: MESA SECTORIAL DE EMPRESARIOS E PROFESIONAIS: JOSÉ MARÍA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ (AEMPE); CONCELLO DE BARRO: JOSÉ ANTONIO LANDÍN EIRÍN; UNIVERSIDADE DE VIGO: XAVIER MARTÍNEZ COBAS.

Polo que o quórum de asistencia da sesión é de 15 persoas das 18 que compoñen a Xunta Directiva.

Están tamén presentes na sesión en funcións de asesoramento, a Xerente, o Coordinador, e máila RAF do Grupo.

Ábrese a sesión polo Sr. Presidente as 19.30 horas, quen expresa que enviouse a documentación coa antelación suficiente para o seu estudio e tratamento nesta Xunta.

De seguido adoptáronse os seguintes Acordos:

#### **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA ANTERIOR**

Por unanimidade préstase aprobación ó borrador da Acta anterior, celebrada o 17 de setembro de 2003.

## **2.- APROBACIÓN , SE PROCEDE, DA INCORPORACIÓN DE NOVOS SOCIOS.**

Por unanimidade acórdase a admisión como socios da ADR da Asociación de veciños/as A Fraga de Ponte Caldelas, a petición do seu Presidente Santiago Piñan Oujo e da Asociación de Viticultores do concello de Pontevedra, a petición do seu Presidente José Manuel Rodríguez Acuña.

## **3.- APROBACIÓN DE EXPEDIENTES DE SOLICITUDE DE AXUDA DA ADR AO ABEIRO DO PROGRAMA PRODER II: XORNADAS DE OUTONO 2003.**

Logo de exposición da xerente sobre a necesidade de dinamización da poboación e información sobre aspectos relevantes relacionados co Patrimonio, Axenda 21, nova Lei do Solo e oportunidades de emprego da muller no rural e a vista das memorias, informes técnico e económico e orzamentos das xornadas, tras breve deliberación, a Xunta Directiva por maioría dos seus membros, absténdose o Sr. Agustín de la Mata Martínez, adoptou os seguintes **ACORDOS**:

### **EXPEDIENTE P-752-008**

1. Con data 11 DE AGOSTO DE 2003, o promotor A.D.R. PRODER II-COMARCA DE PONTEVEDRA presentou solicitude de axuda para o proxecto XEIRAS SOBRE A INCIDENCIA DA NOVA LEI DO SOLO DE GALICIA NOS PROXECTOS DE DESENVOLVEMENTO RURAL E NO DESENVOLVEMENTO DE POLÍGONOS INDUSTRIAIS no marco do Programa PRODER II.
2. O G.A.L. levantou acta de non inicio de investimento o día 11 DE AGOSTO DE 2003.
3. A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) emitiu informe técnico favorable de subvencionabilidade o día 17 DE SETEMBRO DE 2003.
4. O G.A.L. emitiu informe técnico económico o día 11 DE NOVIEMBRE DE 2003 coa seguinte baremación do proxecto e proposta de porcentaxe de subvención: 100%.
5. Vista a documentación que integra o expediente, **CONCÉDESE** a axuda solicitada en función dos criterios de valoración reflectidos no informe técnico económico e de acordo coas seguintes características:

- Orzamento do investimento: 1.184,74 €.
- Finalidade para a que se aproba: XEIRAS SOBRE A INCIDENCIA DA NOVA LEI DO SOLO DE GALICIA NOS PROXECTOS DE DESENVOLVEMENTO RURAL E NO DESENVOLVEMENTO DE POLÍGONOS INDUSTRIAIS.
- Importe da subvención concedida por axentes financiadores:
  - FEOGA-O..... 699,00 €
  - Administración Central..... 171,79 €
  - AGADER..... 171,79 €
  - Administración Local..... 142,16 €

TOTAL AXUDA... 1.184,74 €

O prazo para a execución do gasto non excederá de 18 meses dende a sinatura do contrato de axuda. A inversión aprobada deberá iniciarse antes dos tres meses a partires da data de subscrición do contrato de axuda.

### **EXPEDIENTE P-753-009**

1. Con data 19 DE AGOSTO DE 2003, o promotor A.D.R. PRODER II-COMARCA DE PONTEVEDRA presentou solicitude de axuda para o proxecto XEIRAS SOBRE DESENVOLVEMENTO DA AXENDA 21 LOCAL DENDE UNHA PERSPECTIVA COMARCAL no marco do Programa PRODER II.

2. O G.A.L. levantou acta de non inicio de investimento o día 19 DE AGOSTO DE 2003.

3. A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) emitiu informe técnico favorable de subvencionabilidade o día 19 DE SETEMBRO DE 2003.

4. O G.A.L. emitiu informe técnico económico o día 12 DE NOVIEMBRE DE 2003 coa seguinte baremación do proxecto e proposta de porcentaxe de subvención: 100%.

5. Vista a documentación que integra o expediente, **CONCÉDESE** a axuda solicitada en función dos criterios de valoración reflectidos no informe técnico económico e de acordo coas seguintes características:

- Orzamento do investimento: 4.092,00 €.
- Finalidade para a que se aproba: XEIRAS SOBRE DESENVOLVEMENTO DA AXENDA 21 LOCAL DENDE UNHA PERSPECTIVA COMARCAL.
- Importe da subvención concedida por axentes financiadores:

FEOGA-O.....	2.373,36 €
Administración Central.....	736,56 €
AGADER.....	572,88 €
Administración Local.....	409,20 €

TOTAL AXUDA... 4.092,00 €

O prazo para a execución do gasto non excederá de 18 meses dende a sinatura do contrato de axuda. A inversión aprobada deberá iniciarse antes dos tres meses a partires da data de subscrición do contrato de axuda.

### **EXPEDIENTE P-755-010**

1. Con data 19 DE AGOSTO DE 2003, o promotor A.D.R. PRODER II-COMARCA DE PONTEVEDRA presentou solicitude de axuda para o proxecto XEIRAS SOBRE OPORTUNIDADES DE EMPREGO DA MULLER NO ÁMBITO RURAL DA COMARCA DE PONTEVEDRA no marco do Programa PRODER II.

2. O G.A.L. levantou acta de non inicio de investimento o día 19 DE AGOSTO DE 2003.

3. A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) emitiu informe técnico favorable de subvencionabilidade o día 19 DE SETEMBRO DE 2003.

4. O G.A.L. emitiu informe técnico económico o día 12 DE NOVIEMBRE DE 2003 coa seguinte baremación do proxecto e proposta de porcentaxe de subvención: 100%.

5. Vista a documentación que integra o expediente, **CONCÉDESE** a axuda solicitada en función dos criterios de valoración reflectidos no informe técnico económico e de acordo coas seguintes características:

- Orzamento do investimento: 11.765,50 €.
- Finalidade para a que se aproba: XEIRAS SOBRE OPORTUNIDADES DE EMPREGO DA MULLER NO ÁMBITO RURAL DA COMARCA DE PONTEVEDRA.
- Importe da subvención concedida por axentes financiadores:

FEOGA-O.....	7.529,92 €
Administración Central.....	2.117,79 €
AGADER.....	1.411,86 €
Administración Local.....	705,93 €

TOTAL AXUDA... 11.765,50 €

O prazo para a execución do gasto non excederá de 18 meses dende a sinatura do contrato de axuda. A inversión aprobada deberá iniciarse antes dos tres meses a partires da data de subscrición do contrato de axuda.

### **EXPEDIENTE P-756-011**

1. Con data 19 DE AGOSTO DE 2003, o promotor A.D.R. PRODER II-COMARCA DE PONTEVEDRA presentou solicitude de axuda para o proxecto XEIRAS SOBRE A REVITALIZACIÓN E RECUPERACIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL E NATURAL DA COMARCA DE PONTEVEDRA no marco do Programa PRODER II.

2. O G.A.L. levantou acta de non inicio de investimento o día 19 DE AGOSTO DE 2003.

3. A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) emitiu informe técnico favorable de subvencionabilidade o día 19 DE SETEMBRO DE 2003.

4. O G.A.L. emitiu informe técnico económico o día 12 DE NOVIEMBRE DE 2003 coa seguinte baremación do proxecto e proposta de porcentaxe de subvención: 100%.

5. Vista a documentación que integra o expediente, **CONCÉDESE** a axuda solicitada en función dos criterios de valoración reflectidos no informe técnico económico e de acordo coas seguintes características:

- Orzamento do investimento: 5.690,00 €.
- Finalidade para a que se aproba: XEIRAS SOBRE A REVITALIZACIÓN E RECUPERACIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL E NATURAL DA COMARCA DE PONTEVEDRA.
- Importe da subvención concedida por axentes financiadores:

FEOGA-O.....	3.812,30 €
Administración Central.....	1.024,20 €
AGADER.....	569,00 €

Administración Local..... 284,50 €

TOTAL AXUDA... 5.690,00 €

O prazo para a execución do gasto non excederá de 18 meses dende a sinatura do contrato de axuda. A inversión aprobada deberá iniciarse antes dos tres meses a partires da data de subscrición do contrato de axuda.

Asemade, logo de exame dos orzamentos presentados para a contratación da asistencia técnica das anteditas Xornadas, **ACORDASE por maioría:**

ADXUDICAR DEFINITIVAMENTE Á EMPRESA “CONTEMPORÁNEA C.B.” A ORGANIZACIÓN E DIFUSIÓN DA XORNADA INFORMATIVA SOBRE A INCIDENCIA DA NOVA LEI DO SOLO DE GALICIA NOS PROXECTOS DE DESENVOLVEMENTO RURAL E NOS POLÍGONOS INDUSTRIAIS DE CONFORMIDADE CO EXPEDIENTE DE AXUDA P-752-008 APROBADO POR ESTA XUNTA DIRECTIVA POR IMPORTE DE 1.184,74 EUROS IVE ENGADIDO, E FACULTAR Ó PRESIDENTE PARA A SINATURA DO CORRESPONDENTE CONTRATO.

ADXUDICAR DEFINITIVAMENTE Á EMPRESA “CONTEMPORÁNEA C.B.” A ORGANIZACIÓN E DIFUSIÓN DA XORNADA INFORMATIVA SOBRE O DESENVOLVEMENTO DA AXENDA 21 LOCAL DENDE UNHA PERSPECTIVA COMARCAL DE CONFORMIDADE CO EXPEDIENTE DE AXUDA P-753-009 APROBADO POR ESTA XUNTA DIRECTIVA POR IMPORTE DE 4.092,00 EUROS IVE ENGADIDO, E FACULTAR Ó PRESIDENTE PARA A SINATURA DO CORRESPONDENTE CONTRATO

ADXUDICAR DEFINITIVAMENTE Á EMPRESA “CONTEMPORÁNEA C.B.” A ORGANIZACIÓN E DIFUSIÓN DAS XORNADAS SOBRE OPORTUNIDADES DE EMPREGO DA MULLER NO ÁMBITO RURAL DA COMARCA DE PONTEVEDRA DE CONFORMIDADE CO EXPEDIENTE DE AXUDA P-755-010 APROBADO POR ESTA XUNTA DIRECTIVA POR IMPORTE DE 11.765,50 EUROS IVE ENGADIDO, E FACULTAR Ó PRESIDENTE PARA A SINATURA DO CORRESPONDENTE CONTRATO

ADXUDICAR DEFINITIVAMENTE Á EMPRESA “CONTEMPORÁNEA C.B.” A ORGANIZACIÓN E DIFUSIÓN DA XORNADA SOBRE A REVITALIZACIÓN E RECUPERACIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL E NATURAL DA COMARCA DE PONTEVEDRA DE CONFORMIDADE CO EXPEDIENTE DE AXUDA P-756-011 APROBADO POR ESTA XUNTA DIRECTIVA POR IMPORTE DE 5.690,00 IVE ENGADIDO, E FACULTAR Ó PRESIDENTE PARA A SINATURA DO CORRESPONDENTE CONTRATO.

#### **4.- COMUNICACIÓNS, ROGOS E PREGUNTAS**

Polo representante da mesa sectorial de **Turismo**, Guillermo Martínez Pintos, solicítase **a ampliación dos obxectivos do traballo de inventario de recursos turísticos**, iniciativa propia do Grupo aprobada para o 2004, **incluíndo nunha primeira fase a elaboración dun paquete turístico da comarca.**

Polo representante da mesa sectorial **Vitivinícola**, Xosé Manuel Boullosa Iglesias, solicítase **que o Grupo encargue un estudo das potencialidades do sector na comarca, de cara a súa inclusión na denominación de orixe Rías Baixas.**

Polo representante da mesa sectorial de **Comunidades de Montes**, Claudio Quintillán Vallejo, solicítase **que o Grupo encargue o estudio de viabilidade da planta de compostaxe biolóxico.**

E non habendo máis asuntos dos que tratar, levántase a sesión sendo as 20,45 horas do día 13 de novembro, do que eu , como Secretario dou fe.

**O PRESIDENTE**

**O SECRETARIO**